

E) Por resolución da Presidencia 54189 de 29/12/2022 modificouse o calendario de competicións da "COPA 5X5 DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA BALONMÁN NA RÚA". CÓDIGO EXPEDIENTE PCO.001.2022.00493, coas datas que se detallan a continuación:

CATEGORÍA	COMPETICIÓN	FASE	DATA INICIO	DATA FIN	SEDE
ALEVÍN MIXTA	COPA 5X5 DEPUTACIÓN PROV. DA CORUÑA	1ª PROBA	27/01/2023	29/01/2023	CARBALLO
		2ª PROBA	10/02/2023	12/02/2023	CERCEDA
		3ª PROBA	24/02/2023	26/02/2023	FERROL
		4ª PROBA	10/03/2023	12/03/2023	MUROS
		5ª PROBA	24/03/2023	26/03/2023	ARZÚA
		6ª PROBA	14/04/2023	16/04/2023	RIBEIRA
		FASE FINAL	19/05/2023	21/05/2023	CAMARIÑAS
BENXAMÍN MIXTA	COPA 5X5 DEPUTACIÓN PROV. DA CORUÑA	1ª PROBA	27/01/2023	29/01/2023	CARBALLO
		2ª PROBA	10/02/2023	12/02/2023	CERCEDA
		3ª PROBA	24/02/2023	26/02/2023	FERROL
		4ª PROBA	10/03/2023	12/03/2023	MUROS
		5ª PROBA	24/03/2023	26/03/2023	ARZÚA
		6ª PROBA	14/04/2023	16/04/2023	RIBEIRA
		FASE FINAL	19/05/2023	21/05/2023	CAMARIÑAS

Por todo o cal,

OUTORGAN

PRIMEIRO.- A Excm. Deputación Provincial da Coruña, representada polo seu Presidente, e a empresa/entidade por DON BRUNO LÓPEZ MOLINA formalizan por medio do presente documento o contrato administrativo que foi referenciado nos precedentes capítulos expositivos.

SEGUNDO.- Ambas partes obríganse ao exacto cumprimento do contrato, con suxeición ao prego de condicións reitoras e á normativa que rexe a contratación nas Corporacións Locais.

TERCEIRO.- Todos os gastos e exaccións de calquera orden que graven o contrato e documentos no que este se formaliza son de conta e cargo do adxudicatario.

Así o din, outorgan e asinan, por duplicado, en presenza da fedataria actuante, no lugar e data expresados no encabezamento.



DEPUTACIÓN PROVINCIAL A CORUÑA

SERVIZO DE PATRIMONIO E CONTRATACION

CONTRATO ADMINISTRATIVO

Número ²²⁴ /2022

Na Coruña, a vinte e nove de decembro de dous mil vinte e dous.

Ante min, DONA AMPARO TABOADA GIL, Secretaria xeral da Excm. Deputación Provincial da Coruña,

INTERVEÑEN

DON XOSÉ LUÍS PENAS CORRAL, deputado provincial, por delegación de DON VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO, Ilmo. Sr. Presidente da Excm. Deputación Provincial da Coruña

e

DON BRUNO LÓPEZ MOLINA con NIF 79330257Z que exhibe e retira, e comparece en nome e representación da FEDERACIÓN GALEGA DE BALONMÁN, C.I.F. G36690832, segundo resulta dos Estatutos aprobados pola Asamblea da Federación Galega de Balonmán celebrada o 17-09-2014 e do certificado da Xefa do Servizo Xurídico-Deportivo da Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia de data 12/12/2022

Considéroos coa capacidade necesaria para outorgar a presente contratación de ORGANIZACIÓN, COORDINACIÓN, REALIZACIÓN E CONTROL TÉCNICO DA "COPA 5X5 DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA BALONMÁN NA RÚA", CÓDIGO EXPEDIENTE PCO.001.2022.00493, e a tal efecto

EXPOÑEN

- A) Que a Excm. Deputación Provincial da Coruña, mediante resolución da Presidencia nº 50.191 de data 30/11/2022, aprobou o prego de cláusulas administrativas e o prego de prescricións técnicas para a contratación da ORGANIZACIÓN, COORDINACIÓN, REALIZACIÓN E CONTROL TÉCNICO DA "COPA 5X5 DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA BALONMÁN NA RÚA", CÓDIGO EXPEDIENTE PCO.001.2022.00493 e dispuxo a súa contratación mediante procedemento negociado sen publicidade por apreciar que concorren as circunstancias previstas no artigo 168.a) 2º LCSP.
- B) Que este contrato réxese polo prego de condicións que igualmente se une por copia ao presente documento e forma parte integrante do mesmo, do que resulta, entre outros particulares, que:

- a) Establece como orzamento máximo de licitación o de 79.106,40 euros (IVE incluído)
- b) Prazo de execución: a Copa 5x5 Deputación Provincial da Coruña Balonmán na rúa celebrarase entre os meses de novembro de 2022 e maio de 2023.
- c) Dispón que o prezo do contrato sexa abonado segundo establece a cláusula 27 do Prego.
- d) Fixa como prazo de garantía o de tres meses desde a aprobación do segundo pago (Opción A) ou único pago (Opción B)
- e) Prevé os supostos de rescisión e resolución e o alcance das responsabilidades por danos e prexuízos a que houbera lugar.
- C) Consta no expediente a documentación establecida no prego de cláusulas administrativas particulares, a empresa acreditou estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e solicitou constituír a garantía definitiva por importe do 5% do prezo de adxudicación, excluído o IVE (2.356,91 €), mediante retención no prezo, polo que non é preciso efectuar o requirimento previsto no artigo 150.2 da Lei 9/2017.
- D) Que unha vez cumpridos os trámites da contratación, o contrato de ORGANIZACIÓN, COORDINACIÓN, REALIZACIÓN E CONTROL TÉCNICO DA "COPA 5X5 DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA BALONMÁN NA RÚA", CÓDIGO EXPEDIENTE PCO.001.2022.00493 foi adxudicado á FEDERACIÓN GALEGA DE BALONMÁN, S.L., segundo consta na Resolución da Presidencia nº 53884 de data 28/12/2022, nas seguintes condicións:

D.1. Prazo de execución:

A Copa 5x5 Deputación Provincial da Coruña Balonmán na rúa celebrarase entre os meses de novembro de 2022 e maio de 2023.

O contrato inclúe as seguintes competicións cun calendario inicialmente previsto que se detalla a continuación:

CATEGORÍA	COMPETICIÓN	FASE	DATA INICIO	DATA FINAL	INDICIO
ALEVÍN MIXTA	COPA 5X5 DEPUTACIÓN PROV. DA CORUÑA	1ª PROBA	25/11/2022	27/11/2022	CARBALLO
		2ª PROBA	20/01/2023	22/01/2023	RIBEIRA
		3ª PROBA	10/02/2023	12/02/2023	CERCEDA
		4ª PROBA	24/02/2023	26/02/2023	FERROL
		5ª PROBA	10/03/2023	12/03/2023	MUROS
		6ª PROBA	24/03/2023	26/03/2023	ARZÚA
		FASE FINAL	19/05/2023	21/05/2023	CAMARIÑAS
BENXAMÍN MIXTA	COPA 5X5 DEPUTACIÓN PROV. DA CORUÑA	1ª PROBA	25/11/2022	27/11/2022	CARBALLO
		2ª PROBA	20/01/2023	22/01/2023	RIBEIRA
		3ª PROBA	10/02/2023	12/02/2023	CERCEDA
		4ª PROBA	24/02/2023	26/02/2023	FERROL
		5ª PROBA	10/03/2023	12/03/2023	MUROS
		6ª PROBA	24/03/2023	26/03/2023	ARZÚA
		FASE FINAL	19/05/2023	21/05/2023	CAMARIÑAS

Con todo, no prego de prescricións técnicas non se especifican as datas das probas da Copa en previsión de posibles modificacións do calendario, dado que o período de execución abarca ata maio de 2023.

D.1 Prezo:

D.1.1 Orzamento máximo:

A) Orzamento sen IVE:	79.106,40 €
B) IVE:	0,00 €
C) Orzamento total (A+B):	79.106,40 €

Desagregación da oferta:

Concepto	Importe €
Infraestructura	
Pistas	4.680,00
Valos publicitarias	2.880,00
Porterías	1.152,00
Marcadores	540,00
Cintas	3.528,00
Gradas	17.640,00
Valos obra	1.411,20
Total infraestructura	31.831,20
Organización	
Dietas	5.544,00
Uniformidade	864,00
Organización e xestión	4.896,00
Seguros	2.520,00
Total organización	13.824,00
Difusión	
Streaming	10.080,00
Pantallas	4.536,00
Publicidade	2.160,00
Total difusión	16.776,00
Premios	
Trofeos e medallas	2.160,00
Camisetas	5.806,08
Agasallos	8.709,12
Total premios	16.675,20
Total orzamento	79.106,40

O orzamento é un máximo e non representa compromiso algún para a Deputación. O gasto real quedará limitado ao que resulte dos prezos ofrecidos polo adxudicatario e os servizos efectivamente realizados de conformidade coas probas e fases finais que se realicen, incluíndo as accións de infraestrutura, organización, difusión e entrega de premios de cada unha delas.

Melloras na oferta:

Respecto ao aspecto de negociación relativo a maior número de accións, sen incremento de coste para a Deputación: *Coa finalidade de acadar o maior número posible de equipos locais, e tendo en conta que nos dirixiremos a moitos concellos onde probablemente os nenos/as non coñezan ou apenas practicaran o balonmán; dende a FGBm trataremos de chegar a un acordo cos colexios locais para impartir dúas sesións de promoción nas horas de educación física con cada grupo, e poder introducir así unhas noicións básicas que permitan xogar un partido de minibalonmán. Nestas sesión e na propia escola, promocionaremos a Copa Deputación A Coruña de Balonmán na Rúa 22-23, co tempo suficiente para que poidan realizar a inscrición do seu equipo (inscrición gratuíta)..*

En canto ao aspecto de negociación relativo a maior espazo ou tempo publicitario, sen incremento de custo para a Deputación: nas vallas publicitarias ofertan 30 metros de lonas (mellora 15 mts = 1,100 € aproximadamente).